

## O CASTRO

Vello castro, vello castro,  
que hoxe despoboado estás  
e só tes por compañeiros  
os pinos do teu pinar;  
houbo unhos días que foron  
que endexamais volverán,  
en que os acentos dos bardos  
era un xenio os escoitar  
celebrando as valentías  
dos homes daquela edá,  
e que no dolmen amigo  
cubertos de pedra están.  
Eles cantaban seguros  
sin triganzas que a turbar  
o seu acougo viñesen  
ni o peito dos seus irmás  
que era o podere do celta  
desta terra soberán,  
o dono de altos destinos  
que soubera conquistar;  
pero trocáronse os tempos  
que todo troca coa edá,  
e a aquela calma doce  
sucedeu fero tronar.

O raio do sol alegre  
entoldou a tempestá;  
enmudeceron as arpas  
que eran do ouvido solás,  
e todo quedou sumido  
nun silencio sepulcral,  
chegando hasta nós, somente,  
tristezas e vaguedad.  
Non o corno da alarbea  
resoa no teu pinar,  
nin ve-lo nobre guerreiro  
que en busca do invasor vai;  
mais amóstrano-lo cume,  
altivo, con maxestá,  
e as inxurias dos tempos  
desafiar poderás,  
que do celta, o descendente  
aprendeute a respetar  
e de ti unha relembranza  
para sempre gardará  
que es moimento misterioso  
de grandes feitos quizais,  
testigo mudo que quere  
das nosas cousas falar.

*El Eco de Mugía*, 21, 13-IX-1903.  
*Galicia* (La Habana), 2, 10-I-1904.

## O ROIBAL

### DESEJOS

Era unha tarde; eu viña  
da caza cos meus cas;  
o sol esmorecente  
bañaba inda o Roibal.  
Ao pé daqueles castros  
que son cal dous irmás,  
-Bergondo e Reboredo,-  
dos pinos ao zoar  
feridos polas rachas  
do duro vendaval,  
sentín non sei que cousa  
que fíxome lembrar  
da triste servidume  
en que esta terra está;  
e os tempos afondando  
e deles o pasar  
imaginei en liña  
cal rexo carballal,  
millares de guerreiros  
dispostos a loitar;

baruda gente afeita,  
que espera só a sinal  
para topar na lide  
a morte, a non trunfar.  
Mas era tan somente  
un doce e nobre afán.  
Pasaron as virtudes,  
adorno de outra edá,  
cal pasa aquel ligeiro  
baixel que fende o mar  
topando nel a tumba  
coa fera tempestá,  
que a non morrer no houben  
aínda sen quebrar  
cadeias e grilóns  
que ao pobo gemer fan.  
Ninguén se move agora  
a a situación trocar.

Ai! Quen naceu escravo  
no entende a libértá,  
e vive satisfeito  
atados pés e mas,  
ou ben todo enloddado  
na lama criminal  
escura e innobrememente  
á cova descer vai.  
¡Felis, oh, quen deixara  
o viaxe terrenal  
envolto na bandeira  
que vira desfraldar,  
despois da defendere  
cal servidor leal,  
admiración causando  
nunha alongada edá!

*A Nosa Terra*, 26, 12-II-1908.  
*Follas ao vento*, 1919.

## SAN XOÁN DE OUCES

A miña navicela vai pasando,  
aberta-las xuturas, sin goberno,  
polo desfeito mar en crudo inverno,  
as iras da tormenta soportando.

Franxéronse os remos; e asoprando  
de ferventes escumas nun inferno,  
desatado Aquilón vence ao Galerno,  
salaos, ánsias, mágoas, sementando.

Orballeira de bágoas na tristura,  
molla, entesando, a podrecente corda,  
roubando ao estrelecer a formosura.

Non desentolda o ceo; e dende a borda  
vou a entrada no porto vendo escura,  
e ás voces de favor a xente xorda.

*Mágoas*, 1901.

### A GALICIA

-¿Por que, triste Galicia, a desventura  
en ti se ceba fera, despiadada,  
e facéndoches guerra encarnizada  
con férrea man te dominar procura?

-¿Agora o ceo xa de ti non cura  
ou tente para o remo destinada,  
castigando con pena inusitada  
o vil ocio que rende a túa ventura?

-Ai, non a desventura nen os fados  
en extremo tan grande me puxeron  
e viron meus esforzos malogrados.

Senón a ruín maldade que fixeron  
algús rebeldes fillos, desleigados,  
que por trinta moedas me venderon.

*Revista Gallega*, nº 57, 12-4-1896.

### HIMNO A GALICIA

Barudos celtas, do Ourente a liña  
o sol nos mostra brillando xa;  
sino de gloria que se aveciña  
tempos mellores ventando está.

A terra nosa xemente crama  
pra lle arrincármolos seus grilós,  
e o duro ferro de nós recrama  
pra sermos libres, dinos varós.

Fillos valentes ¡eia! voemos  
a defendela con sacro ardor:  
na man a espada, presta levemos,  
para cravala no usurpador.

Os mouros lixos da honra aldraxada  
co mouro sangue se han de lavar  
dos enemigos, que derrubada  
a enseña súa logo han de ollar.

Mecanoscrito, 20-V-1907 (RAG).  
Dobarro, Xosé Mª (2001), *Album literario* 1907, UDC.

## FLORENCIO VAAMONDE LORES

no centenario do seu falecemento  
1925-2025



IMAXE: ARQUIVO FAMILIAR

No centenario do seu pasamento rendemos homenaxe a Florencio Vaamonde Lores (Ouces, 1860 - A Coruña, 1925), escritor, tradutor e activista cultural ponte entre o Rexurdimento literario e as Irmandades da Fala.

Cultivou o xénero lírico (*Os Calaicos*, *Mágoas*, *Follas ao vento*), publicou novelas e relatos de costumes (*Anxélica*, *Bestas Bravas*), destacou polos seus estudos históricos, ensaísticos, e foi precursor na tradución ao galego dos clásicos grecolatinos (*Odas de Anacreonte*).

Foi membro fundador da Real Academia Galega, participou na creación de entidades como as Irmandades da Fala e tomou parte en diversos faladoiros literarios como os da Cova Céltica da Coruña, onde compartía espazo con Eduardo Pondal e Manuel Murguía, entre outros.

Aínda que viviu a maior parte da súa vida adulta na Coruña, nunca perdeu o velleiro coa súa terra natal: a parroquia de Ouces. Bergondo non só foi o lugar de nacemento, senón tamén o seu berce espiritual, onde se alimentou da cultura popular, da lingua e da memoria histórica que inspiraron a súa traxectoria vital, literaria e galeguista.

Hoxe, lembramos a Florencio Vaamonde Lores como un símbolo de identidade de Bergondo e como un elo vivo entre o seu pasado e o seu futuro.

<https://florenciovaamonde.asmarinhas.com/>



Departamento de  
Lingua Galega e Literatura  
do CPI Cruz do Sar



## CAPELA DE SAN GREGORIO

Ti que outras veces, sonora lira,  
das miñas penas fúche-lo consolo;  
¡cantos anos hai xa que o doce arrollo  
das dormexantes cordas non se atira!  
Miña alma, aí triste, agora só respira  
amarguras e dor e desconsolo,  
por pendente fatal me vendo a rolo  
que negro darredor todo me vira.  
A segadora fouce a Morte dura  
contra de min afía, e presto agarda  
miñas cinzas fechar na cova escura.  
O seu golpe detén. A salvagarda  
na cruel aflicción serme procura.  
Deixa ouvi-los teus sons: non veñas tarda.

*El Regional* 13-I-1894.

*El Eco de Galicia* (La Habana), 17-II-1894.

*La Idea Moderna* 24-IV-1901.

*Mágoas*, 1901.

*A Nosa Terra*, 120, 25-V-1920.



## O OUTEIRO: ALDARETE

Outeiro, meu Outeiro, aquel frondente  
lugar risoño que, por berce un día  
me deras xeneroso, a fantasía,  
inda que lonxe está, faimo presente.  
Nacírame no peito unha potente  
esperanza que o enchera de alegría,  
cuidando que no avante lograría  
curar en ti meu corazón doente.  
¡Pasaxeira ilusión! ¡Van pensamento!  
Arboredo sin folla; muchas flores  
do xa desfeito niño onde eu quencera;  
andante peregrín sempre en tormento,  
tornaría a vos ver se ás miñas dores  
a dura lei do fado se torcera.



Pedro de Aldarete

Manuscrito s.d., Museo de Pontevedra 1904.

*A Nosa Terra*, 58, 14-X-1908.

*Aires da Miña Terra*, 31, 6-XII-1908.



## CASA GRANDE DA FAMILIA VAAMONDE

Outeiro, meu Outeiro, berce amado,  
encantadora aldea,  
sempre vive conmigo teu recordo  
nesta leixana terra,  
e cando penso en ti atopo alivio  
nas miñas crudas penas.

Baixo a roda soberba do arboredo  
que, xentil, apresentas,  
outroa descansaba, e as máis das veces,  
algunha linda nena  
era de min, no solitario sitio,  
amabre compañeira,  
a disfrutar da sombra benfeitora  
na ardente hora da sesta;  
que de pas e repouso es venrabre  
morada predileita,  
prácido albergue onde a cubiza humana  
a penetrar non chega.



Oh Fortuna mudabre, que en trocares  
as cousas te deleitas!  
A esa nobre mansión nativa miña  
caridosa respeta;  
que os horrores de Marte e torvo aspeito,  
alí nunca se vexan,  
e que a cambio dos ecos pavorosos  
da bélica trombeta,  
por ela só se espallen os das arpas  
e os cantos dos poetas.

*Revista Gallega*, 56, 5-IV-1896.

*La Idea Moderna*, 9-V-1901.

*Mágoas*, 1901.

*A Nosa Terra*, 218, 1-XI-1925.

## FONTE DO PICO

César Vaamonde fai referencia a esta fonte nunha obra inédita de 1902 titulada *Historia de la casa de Vaamonde*, cando describe a casa familiar: "Dentro de la huerta de esta casa se halla la fuente del Picho, fuente sumamente curiosa por su valor histórico, pues sirvió de punto de partida al Rey Don Alonso IX de León para trazar los límites de las parroquias de Morujo y Daens al conceder al Monasterio de Bergondo todo cuanto a dicho Rey pertenecía dentro de los términos de dichas feligresías, según privilegio otorgado en la Coruña el día Santo de la Pascua, en el mes de Abril del año 1218". [...]

## ESCOLA

Florencio Vaamonde cursou os seus primeiros estudos na escola de Outeiro, onde sitúa algúns dos personaxes da súa novela *Anxélica* ambientada na aldea natal. Un fragmento desta di:

*Un día, por casualidade, D. Fernando atopou con Xuan de Vilardefrancos n'un xardín de París e alegrouse moito de o ver e recordar os tempos de nenos en que xuntos andaban á escola no Outeiro.*

O autor indica dentro da propia obra que ese foi o seu primeiro centro de aprendizaxe e ofrece un agarimoso recoñecemento ao seu mestre natural da parroquia bergondesa de San Cidre:

*A casa onde andou á escola o humilde autor de este libro, baixo a dirección dun celoso e competente mestre, ¡Xuan Varela de San Cidre! se alá na misteriosa morada da noite e do silencio donde repousas, podese chegar a voz de un vivente, recibe o meu saúdo. Sen il, a quen debo o primeiro insiño, eu non podería atinxir a maiores estudos, e tal ves non podería escribir esta verídica historia.*

César Vaamonde, que se encargou de poñer unha notas á novela que seu irmán deixou inédita, indicaba ao respecto:

*A escola de Outeiro, sita na parte correspondente a Ouces, ten de existencia no mesmo lugar por riba de 200 anos, sendo tal vez a máis antiga de Galicia. Oxe é unha escola pública destinada a dar o isíño somente aos nenos e nenas das parroquias de Ouces e Lubre.*

Vaamonde Lores, César (1925): "Notas" in *Anxélica* de Florencio Vaamonde, A Cruña, Lar.

## FONTE DA CURUXA

De Ouces bellos xardíns que relebrando  
estou a todas horas cariñoso;  
fontenla da Curuxa, onde, gozoso,  
bebía da auga pura que ibas dando.

Triste, aí triste de min, que non sei cando  
podereime librar deste noxoso  
congoxar que me agobia e pon cuidadoso  
de vos tornar a ver desconfiando.

O adverso fado seu fatal degredo  
contra de min lanzou ¡oh sorte dura!  
o máis longo desterro consentindo;

Mais levádesme laios, non é segredo,  
e as bágoas que derramo de tristura,  
as saudades que teño van dicindo.

*Revista Gallega*, 94, 20-XII-1896.

*La Idea Moderna*, 26-IV-1901.

*Mágoas*, 1901.

